




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Secretaría Xeral



CIPRIANO RICARDO LUSTRES MARTÍNEZ
ASOCIACIÓN LONG HOPE, LARGA ESPERANZA
PRAZA AURELIO LORES NÚM. 8, PORTONOVO
36970 SANXENNO (Pontevedra)

VISTA a solicitude para a inscrición da **ASOCIACIÓN LONG HOPE, LARGA ESPERANZA**, con domicilio social na PRAZA AURELIO LORES NÚM. 8, PORTONOVO, 36970 SANXENNO (Pontevedra), no Rexistro Central de Asociacións desta Comunidade Autónoma

RESULTA dos seus estatutos que os seus fins, entre outros, son:

ESTUDIO, RECOÑECEMENTO E DIFUSIÓN DO PAPEL DOS MARIÑEIROS GALEGOS E ESPAÑOIS NAS MARINAS MERCANTES DOS PAÍSES NÓRDICOS

VISTOS: A Constitución Española, a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación, a Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e a normativa sobre traspaso e asignación de competencias.

CONSIDERANDO: Que esta Asociación atópase incluída no ámbito de aplicación da citada Lei de Asociacións e que nos seus estatutos e demais documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos previstos cos números 2 e 5 do art. 22 da Constitución, sobre fins, medios ou asociacións ilegais.

CONSIDERANDO: Que esta Secretaría Xeral é competente para resolver en orde a procedencia da inscrición solicitada, en virtude do previsto no Decreto 336/1996, do 13 de setembro (DOG do 13.09.97), sobre asunción do traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e no Decreto 276/1997, do 25 de setembro (DOG do 08.10.97), polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións con ámbito de actuación autonómico.

ESTA SECRETARÍA XERAL

RESOLVE: Visalos Estatutos da **ASOCIACIÓN LONG HOPE, LARGA ESPERANZA**, e dispoñela súa inscrición provisional para os efectos de publicidade previstos no art. 22 da Constitución, correspondéndolle o número **2008/011925-1 (SC)** neste Rexistro Central de Asociacións.

Esta inscrición provisional converterase en definitiva se no prazo de 3 meses, a contar dende a recepción desta resolución, non se lle notificase ao interesado a incompatibilidade por idéntica denominación xa inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións do Ministerio do Interior

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso de alzada ante o sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes, de acordo co disposto nos arts. 114 a 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2008

O secretario xeral

Santiago A. Rouco Gómez

